

ESTREA EN NUMAX: 19.10.2018 | V.O. | +16

Petra (2018, 107')

Dirección: Jaime Rosales

Guión: Jaime Rosales, Clara Roquet, Michel Gaztambide

Elenco: Bárbara Lennie, Àlex Brendemühl, Marisa Paredes, Joan Botey, Petra Martínez, Carme Pla, Oriol Pla, Chema del Barco

Son: Carlos García, Nicolás Tsabertidis

Montaxe: Lucía Casal

Dirección de arte: Victor Paz Álvarez

Música: Kristian Eidnes Andersen

Vestuario: Iratxe Sanz

Fotografía: Hélène Louvart

Produtoras: Fredesval Films, Wanda Visión, Oberón Cinematográfica, Les Productions Balthazar, Snowglobe Films

(España, Francia, Dinamarca)

Distribuidora: Wanda Visión

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Español, catalán

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2018 (Quincena dos Realizadores), Fénix 2018 (Nomeado a mellor guión)

FILMOGRAFÍA

Hermosa juventud, 2014

Sueño y silencio, 2012

Correspondencias: Jaime Rosales – Wang Bing, 2011[con Wang Bing]

Tiro en la cabeza, 2008

La soledad, 2007

Las horas del día, 2003

Yo tuve un cerdo llamado Rubiel, 1998 [curtmetraje]

SINOPSE

Petra non sabe quen é seu pai, ocultáronllo ao longo da súa vida. Tras a morte da súa nai inicia unha busca que a conduce a Jaume, un célebre artista plástico poderoso e despiadado. No seu camiño por coñecer a verdade, Petra tamén entra en contacto con Lucas, fillo de Jaume, e Marisa, esposa de Jaume e nai de Lucas. A partir dese momento, a historia destes personaxes vaise entretecendo nunha espiral de maldade, segredos familiares e violencia que leva a todos ao límite.

«Un filme intenso, astutamente estruturado e gratificante sobre unha muller na busca de seu pai»

Jonathan Holland,
THE HOLLYWOOD REPORTER



“Facer o mal pasa factura”

Entrevista con Jaime Rosales

Por Javier Zurro

É a primeira vez que traballa con outros guionistas. Como xorde *Petra* e a necesidade de atopar estes colaboradores? A orixe está nunha preocupación polo espectador. Estou nun punto da miña carreira na que o gran reto para min é acadar un tipo de espectador que poida ser máis numeroso ao que cheguei até o de agora, propoñéndolle un cinema estimulante pero non excesivamente difícil. O cinema como algo gozoso, fascinante pero tamén que teña que ser interpretado. E daquela fago un deseño con guionistas que acheguen cousas que eu non teño. Por exemplo Clara [Roquet], muller nova que achega frescura e profundidade aos personaxes femininos; e Michel [Gaztambide] que é maior e máis experimentado e deulle unha orde e eficacia narrativa que lle pode vir ben ao filme.

Cre que o resto dos seus filmes estiveron de costas ao espectador? Por que pensa que sucedeu? O resto dos meus filmes nacen máis dunha convicción formal e temática moi pechada. Quería o que a min me importaba e con iso abundaba. Non me interesa saber se aos demais lles

podía gustar, a orixe era máis unha preocupación persoal.

Perdeu o cinema de autor ao espectador? Como se chega a ese equilibrio? Para min a experiencia cinematográfica ten que ser gozosa e fascinante como foi para min o cinema clásico americano, pero tamén ten que ser interpretada, descubrir detalles, no fílmico e no dramático. Nin ir ver un entretemento pasivo nin facer do cinema unha montaña que requira unha atención que pode tirar para atrás.

Tematicamente parece un filme sobre a mentira? Os temas exprésoos na parte dramática e na fílmica. Na temática é unha traxedia grega, a familia, a identidade, a redención, o ben e o mal... pero logo hai elementos que cada espectador interpreta e vexo que case ninguén me fala dos mesmos temas. Ti falas da mentira, e claro que é clave. A negatividade da mentira, porque a mentira custa desfacerla ao pensar que nos protexe.

É a primeira vez que inclúe música nos seus filmes. Si, custoume moito. Non sabía. Eu é que son moi bressoniano na restrición. Digo: un lente e plano secuencia con *steady cam*. Pero pensei que se metíamos música tiña que ser todo vogal e que non apoiase o drama nin subliñase ou anticipase o que ía vir despois. E custoume moito.

A nivel narrativo é un pouco *Rayuela*, con eses capítulos que se alternan e mesmo fanse *spoilers* da propia trama.

Ten a ver con como penso no espectador, para suscitar o seu interese propoño algo sorprendente, o xogo do gato e o rato, pero é moi delicado, porque se te pasas pérdelo, e podes pasarte por exceso ou por defecto, se non lle dás abondo frústrase e se llo dás parece previsíbel. Cómpre atopar eses equilibrio entre o interese e a sorpresa, por iso xoga coa estrutura rota, coas sorpresas... pero teñen que estar ben formuladas.

É un reflexo cruel de España, pola mentira, por ese retrato da burguesía catalá. Quería que *Petra* fose unha metáfora do noso país? Si, claro. Eu sintome moi español na miña mirada pero puiden viaxar moito e ter influencias estranxeiras. Impórtame retratar o meu país con precisión. Ese retrato da alta burguesía e as súas ramificacións entre clases era importante e quería ser preciso. É unha España coma a de hoxe que non se parece en nada á de *Los santos inocentes*, que se transformou e iso vese na paisaxe e nos comportamentos. E hai algo que para min cumpría tratar e eran as diferenzas rexionais a todos os niveis.

Ao final tamén hai unha xustiza poética cara á burguesía e como remata. Coido que iso ten que ver coa dinámica humana e divina. Facer o mal pasa factura. Ás veces tarda e a xustiza é lenta, pero a xustiza humana tamén é lenta, e hai xente boa que non é recoñecida e xente mala sen ningunha consecuencia, pero eu creo na xustiza. Hai algo que sempre se impón.

Publicado en elespanol.com
Tradución ao galego: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

